

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN COMITÉ ESPAÑOL DE ACNUR (ASOCIACIÓN "ESPAÑA CON ACNUR") PARA O PROXECTO "ASISTENCIA HUMANITARIA DIRIXIDA Á POBOACIÓN DESPRAZADA E DE ACOLLIDA NA PROVINCIA DE CABO DELGADO, MOZAMBIQUE"

(1) A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE e da súa Subdirección Xeral de Cooperación Exterior, é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de cooperación para o desenvolvemento.

Unha das prioridades establecidas na Lei 10/2021, de 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, é o ámbito da acción humanitaria de emerxencia.

O V Plan Director da Cooperación Galega 2023- 2026 recoñece entre os ámbitos estratéxicos da cooperación galega, dunha banda AE 1. Promover o exercicio dos dereitos sociais básicos (saúde, educación, alimentación, hábitat e auga e saneamento básico) polas persoas e colectivos máis pobres e vulnerables, e doutra AE 6. Protexer e salvar vidas, aliviar o sufrimento e manter a dignidade humana respondendo ás crises humanitarias con eficacia e calidade, e cunha perspectiva de redución de vulnerabilidades e fomento da resiliencia.

(2) Antecedentes: No ano 2008 asinouse coa Asociación España con ACNUR, Axencia de Nacións Unidas para os Refuxiados, un Acordo marco de colaboración a través da Fundación Axencia Humanitaria de Galicia (FAHG), para levar a cabo proxectos de axuda humanitaria en apoio ás persoas refuxiadas. Nese mesmo ano asinouse a primeira addenda ao Acordo Marco por valor de 50.000 € para actuacións no Chad.



Nos anos 2009 e 2010 asináronse dúas novas addendas para a prestación de axuda de emerxencia ás persoas desprazadas internamente en Somalia e para a poboación refuxiada en Uganda, por importe de 60.000 € e 50.000 €, respectivamente.

No 2011, trala extinción da FAHG, asinouse un convenio de colaboración a través da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE por importe de 25.000 € para o apoio aos refuxiados no leste do Chad, ao que se lle deu continuidade no 2012, asinando un novo convenio de 25.000 € para contribuír a paliar a emerxencia nutricional nos campos de refuxiados de Dadaab, en Kenya. No 2013 asinouse un novo convenio para paliar as consecuencias do conflito sirio por 10.000 €, nos anos 2014, 2015 e 2016 asinouse un convenio por 20.000€ cada ano, que deu acceso a auga potable as persoas refuxiadas sudanesas no leste do Chad. No ano 2017 o obxecto do convenio asinado por un monto de 20.000 € foi o de prestar asistencia básica á poboación siria refuxiada en Xordania. No 2018 continuou a prestación de asistencia aos refuxiados sirios neste caso no Líbano por un monto de 20.000 €.

Cabe destacar, pola novidade que representou a nivel da cooperación española descentralizada, o convenio asinado no ano 2019 coa Asociación "España con ACNUR" para a protección e resposta á violencia sexual e de xénero de poboación refuxiada congoleña en Uganda, dotado cun importe de 130.000 €, procedentes da cota galega do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, que foron aportados pola Secretaría Xeral de Igualdade. No 2020, novamente con cargo aos fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero (PEVG), asinouse un convenio con esta entidade para a loita contra a violencia sexual e a discriminación socio-económica das mulleres na República Democrática do Congo (RDC), por importe de 84.000 €, ademais dun convenio por 30.000 € para atender ás persoas refuxiadas no contexto COVID-19. No 2021, asináronse novamente dous convenios, un no marco do PEVG, que deu continuidade ao do ano anterior na RDC, cunha subvención da mesma cantidade, 84.000,00 €; o outro cunha subvención de 30.000 €, para apoiar á poboación venezolana refuxiada en Colombia, no marco da pandemia COVID, ao que se lle da continuidade este ano. No 2022, asináronse



novamente dous convenios, un no marco do PEVG, que deu continuidade ao do ano anterior na RDC, cunha subvención da mesma cantidade, 84.000,00 €; o outro cunha subvención de 30.000 €, para apoiar á poboación venezolana refuxiada en Colombia. No 2023, asináronse novamente dous convenios, un no marco do PEVG, que deu continuidade ao dos anos anteriores na RDC, cunha subvención da mesma cantidade, 84.000,00 €; o outro cunha subvención de 50.000 €, para atención psicosocial para previr e ofrecer resposta as persoas superviventes de violencia baseada en xénero e de saúde mental en Colombia. No 2024, asináronse outros dous convenios, un no marco do PEVG, que da continuidade aos dos anos anteriores na RDC, cunha subvención da mesma cantidade, 84.000,00 €; o outro cunha subvención de 50.000 €, igual que o actual convenio en tramitación para atender as necesidades mais acuciantes da poboación en Cabo Delgado, Mozambique. . No ano 2025 asináronse os mesmos dous convenios do ano anterior, un cunha subvención de 50.000 euros que da continuidade as actuacións en Mozambique; o outro no marco do PEVG para a prevención da violencia sexual e de xénero e a trata en Sudán do Sur con unha subvención de 84.000 €.

(3) Finalidade. Establecer o marco de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a entidade "España con ACNUR" para a execución do proxecto "Asistencia humanitaria dirixida á poboación desprazada e de acollida na provincia de Cabo Delgado, Mozambique".

(4) O convenio ten por obxecto contribuír a través de "España con ACNUR" ao proceso de protección internacional da poboación desprazada internamente e de acollida en Mozambique garantindo o seu acceso a artigos de primeira necesidade no contexto da emerxencia humanitaria que afecta a provincia de Cabo Delgado, Mozambique.

(5) A especificidade das actividades obxecto do proxecto son de claro interese público e, as partes son conscientes de que é preciso conxugar esforzos e establecer estratexias que dean resposta ás necesidades e os dereitos da poboación refuxiada e desprazada interna de Cabo Delgado, Mozambique.



De tal xeito, a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE considera que o proxecto reúne os requisitos esixidos para a concesión directa da subvencións segundo os artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e segundo o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia, ao non ser posible promover a concorrència pública dada a especificidade das actividades que son de interese público humanitario e a natureza da entidade destinataria da subvención.

(6) A Xunta de Galicia financiará o proxecto cunha achega total de 50.000 € (cincuenta mil euros), con cargo a aplicación orzamentaria 05.07.331A.490.0.

(7) Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Asinado electrónicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Relacións Exteriores e coa UE

Jesús Gamallo Aller

